

## **EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

O Concello de Narón iniciou o Expediente de Contratación do Servizo de Axuda no Fogar, que foi aprobado polo Concello Pleno de data 26 de setembro de 2019. Dado o interese da contratación, acordouse someter o proxecto a consulta previa, incluíndo os documentos de Informe de Necesidade e Prego de prescricións técnicas para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Dependencia e Libre Concorrenza, abrindo unha segunda fase de recollida de propostas.

Durante o prazo de consulta previa presentáronse 27 propostas, tendo moitas delas o mesmo contido ou similar finalidade, polo que se abordarán en conxunto en función do contido da proposta.

Examinadas pola funcionaria que subscribe as propostas formuladas, emite o seguinte informe sobre as mesmas:

### **Exame e proposta de actuación**

1.-A maior parte das propostas inciden na necesidade de incluír a figura do “auxiliar de coordinación” como persoal técnico, para a prestación do Servizo de Axuda a Domicilio, que facilitaría a axuda dos coordinadores.

A proposta doutro membro do equipo técnico, concretamente un/unha auxiliar de coordinación, que aliviase a carga de traballo dos coordinadores, é unha reivindicación que no contexto actual de SAF non é posible.

A normativa de aplicación, Orde do 22 de xaneiro de 2009, esixe a prestación do servizo por técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais, que poden ser “coordinadores” ou “auxiliares de coordinación” e unha ratio de 3 técnicos titulados a xornada completa para un número de usuarios de entre 200 - 399.

O Concello de Narón, aínda co incremento de horas previsto para os vindeiros anos, está dentro da ratio esixida legalmente, e ademais, ven contemplando dende hai anos nos seus pregos a prestación do servizo polos técnicos de superior categoría no convenio colectivo, “coordinadores”, en lugar de contemplar as dúas categorías, “coordinador” e “auxiliar de coordinación”, o que debería supoñer unha mellora na calidade do servizo.

Por outra banda, a contratación doutro técnico “auxiliar de coordinación”, a maiores dos tres coordinadores actuais, encarecería substancialmente o servizo, a costa dun menor número de horas a prestar no servizo de Dependencia e, por iso, na case totalidade dos Concellos de Galicia, co sistema de financiación actual, non é posible contemplar esta figura.

Hai que ter en conta que desde que se iniciou a prestación do SAF, o servizo foi encarecéndose progresivamente, hasta case duplicarse, mentres que o prezo/hora que aboa a Xunta de Galicia aos Concellos permanece invariable, o que supón que sexa o Concello o que teña que soportar gran parte do custe do servizo.

É de sinalar, igualmente, que para unha maior axilidade de traballo administrativo e mellora da prestación do servizo, foi incrementado no prego a xornada de tempo parcial a tempo completo do persoal auxiliar administrativo, adscrito de forma exclusiva á prestación do servizo ao Concello de Narón.

Corrixíuse a redacción do prego para evitar confusións en canto ás funcións a realizar polos coordinadores, sen prexuízo da capacidade da empresa adxudicataria para a organización do servizo e de contratación de novo persoal, se fora o caso, cumprindo as prescricións técnicas e administrativas que rexen a contratación.

## **2.- Propostas ou dúbidas respecto dos horarios da prestación do servizo.**

Son varias as propostas que inciden nos horarios de prestación do servizo. Debe aclararse, en primeiro termo, que non é incompatible a obriga que se impón á adxudicataria de “procurar” incrementar a xornada das traballadoras a tempo parcial cando se incrementen as horas de prestación do servizo, coas propostas vinculantes da UTS municipal, dos horarios que figuren no acordo do servizo, escoitada a demanda da persoa usuaria, tendo en conta que a aplicación horaria, segundo dispón o artigo 15 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 *“será flexible e conforme ao proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, todos os días da semana”*. Isto sen prexuízo da necesidade de realizar pequenas adaptacións para o bo funcionamento do servizo.

Polo tanto, o calendario laboral do persoal auxiliar é obxecto de negociación colectiva, tendo que garantir aos usuarios en situación de dependencia, con necesidades básicas, a cobertura do servizo todos os días do ano, como así se contempla regulamentariamente na normativa de dependencia, figurando reguladas expresamente estas circunstancias especiais no convenio colectivo de aplicación.

En todo caso, recóllese expresamente que a adxudicataria debe dar cumprimento á normativa de aplicación, polo que debe entenderse, tanto da negociación colectiva, como da relativa á regulación da Dependencia.

## **3.- Respecto das propostas relativas ao persoal auxiliar.**

Vistas as propostas respecto da lista de agarda de auxiliares, creemos que non foron ben interpretadas, xa que debe entenderse esta lista respecto da necesidade de contar cunha bolsa de emprego, con currículos e demandas de emprego actualizados para axilizar as incorporacións de persoal ao SAF en caso de necesidade ou para cubrir cando non sexa posible o incremento de xornada das auxiliares que prestan o servizo, pero non debe entenderse como unha contratación de persoal en espera a obter traballo.

No prego contéplase a necesidade de levar a cabo a menor rotación posible de auxiliares, en aras de garantir os dereitos dos usuarios e permitir as rotacións necesarias para cubrir baixas, vacacións, ausencias, etc., facilitando así certa flexibilidade na organización do servizo.

A esixencia de que en caso de cambio de auxiliar, a que a substitúa deba ir acompañada por un coordinador ou por outra auxiliar, está recollida na normativa de aplicación. O artigo 12.3 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 establece que a entidade contará e expoñerá publicamente o regulamento de funcionamento do programa, no cal se incluírán os protocolos de substitución da persoa auxiliar de axuda no fogar e de cesación do servizo. E a ordenanza municipal reguladora do SAF, no artigo 13.3, indica que a asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, realizándose unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

#### **4.- Dáse resposta de forma conxunta a varias propostas, que non poden ser admitidas por ser obxecto de regulación autonómica:**

-As propostas que aluden ás obrigas das persoas usuarias están recollidas na normativa de aplicación, tanto da Xunta de Galicia, como no regulamento municipal de axuda no fogar, polo que non é preciso recollelo nos pregos que rexen a contratación.

-As propostas relativas a excluír os servizos de limpeza no fogar da prestación do SAF non poden ser atendidas por canto se trata de servizos de carácter básico recollidos na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e, polo tanto un servizo que ten que prestarse ao usuario.

-As propostas referidas a obrigar aos usuarios a pagar o servizo durante as hospitalizacións e vacacións non poden ser atendidas por canto non se contempla na normativa de Dependencia o pagamento dos servizos non efectivamente prestados, polas causas expresamente contempladas nesta normativa.

-As propostas relativas á prestación do servizo en sábados, domingos e festivos exclusivamente a persoas usuarias de grado III que non contan con apoios reais, non poden aceptarse por ir contra a normativa de Dependencia, que establece que "o acceso ao servizo será directo para as persoas ás que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na corresponde resolución do PIA.

#### **5.- Cambios de redacción dalgunhas cláusulas do prego administrativo.**

Realízanse varios cambios de redacción dalgunhas cláusulas, fundamentalmente as que recollen os horarios, as comunicacións telefónicas entre a empresa adxudicataria e os usuarios na prestación do servizo así como a lista de agarda de auxiliares, para dar unha mellor claridade.

O que informa, aos efectos oportunos.